



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA NÚMERO CATROCENTOS VINTE E DOUS, REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E OITO DE ABRIL DE DOUS MIL NOVE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do día vinte e oito de abril de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistenciais dos Srs./as. Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Iglesias Diaz, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel A. Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Ligeró Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. Consuelo Besada Lores e D. Gregorio L. Agís Gómez; escusa a non asistencia a concelleira D^a. Rosa Fernández González; actuando como Secretaria Xeral da corporación D^a. Paula Díaz Ramos e como interventora municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3232.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 31/03/2009 E 07/04/2009.- De conformidade co disposto no artigo 91 do Rd 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta das actas das sesións realizadas con data 31/03/2009 e 07/04/2009 as que quedaron aprobadas por unanimidade.

3233.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario as que estiveron expostas a disposición dos concelleiros na Secretaria Xeral do Concello, xunto cos demais asuntos da orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

3234.- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ACORDOS PRECEDENTES.- Pola secretaria dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3225.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN CERTIFICACIÓN OBRA NÚM. 2 E 3 DA "CASA DE CULTURA DE RAXO".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á empresa adxudicataria; 3226.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NUM. 1/2009.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao departamento de intervención para proceder ao pagamento das mesmas; 3227.- PERSOAL, RATIFICACIÓN ACORDO DA XGL NUM. 6417, ADOPTADO POR RAZÓN DE URXENCIA, RECURSO REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. FAUSTINO LORENZO RIAL, CONTRA ACORDO DO PLENO NUM. 3195 POLO QUE SE NOMEA A D. SERAFÍN VEIGA SOLLA XUIZ TITULAR DO XULGADO DE PAZ DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao interesado; 3228.- PERSOAL, AMORTIZACION PRAZAS RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remítuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da provincia; 3229.- PATRIMONIO, RATIFICACIÓN ACORDO DA XGL NUM. 6359, ADOPTADO POR RAZÓN DE URXENCIA, RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. DOLORES ABOAL NUÑEZ E OUTROS CONTRA ACORDO DO PLENO 3199, SESIÓN 30/12/2008, POLO QUE SE DECLARABA PÚBLICO UN CAMIÑO UBICADO EN SENTIDO NOROESTE Á TRAVESÍA DA COSTA EN LIÑARES, SAN XOÁN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao interesado; 3230.- PERSOAL, INCREMENTO DE DETERMINADOS COMPLEMENTOS ESPECÍFICOS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remítiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da provincia e notificouse aos interesados; 3231.-.APROBACIÓN INICIAL PROXECTO DO ORZAMENTO XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2009.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remítiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da provincia."

A corporación dáse por enterada.

3235.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE PRÉSTAMOS LONGO PRAZO PARA FINANCIAR INVESTIMENTOS 2009.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado co motivo da concertación dun préstamo por importe de 1265000 € coa finalidade de financiar os investimentos recollidos no orzamento do exercicio 2009, así como as modificacións que poidera establecerse por razón de interese público ou como consecuencia de sobrantes que se produzan na execución dos investimentos proxectados. Dándose conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de abril de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do prego de condicións para a Concertación dun Contrato de Préstamo para a Financiación do

Plan de Investimentos do Exercicio 2009, por importe de 1.265.000 euros, de data 8 de abril de 2009 e do informe da Intervención Municipal de data 8 de abril de 2009.

A Interventora Municipal comenta o expediente indicando que non se pode informar desfavorablemente este expediente pero que cabe recordar, reiterando o informe do orzamento do 2009, que se incumple o plan económico financeiro aprobado o pasado ano polo Pleno e indica tamén a necesidade de elaborar un novo plan económico financeiro unha vez liquidado o exercicio 2008, reducindo o máximo posible o importe dos préstamos solicitados.

O Sr. Domínguez Lino ratifica o indicado pola Interventora e manifesta que o seu grupo político vaise posicionar en contra.

O Sr. Piñeiro Murillo pregunta á Interventora se se incumpriu en todo ou en parte o plan económico financeiro.

A Interventora respóndelle que o incumprimento é parcial.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes."

Comeza a quenda de intervencións, o Sr. Barreiro Lubián explicando que o préstamo que se solicita ten a finalidade de cubrir os investimentos do orzamento do exercicio 2009 e que as condicións particulares están no prego.

O Sr. Domínguez Lino di que van a deixar unha débeda que pagaremos 900000,00 € ao ano con amortización máis xuros e que non fai gracia ningunha.

Os veciños de Poio somos o segundo municipio máis endebedado de toda Galicia, segundo datos ofrecidos polo Banco de España, este vai ser o legado que vai deixar o BNG e máis o PSOE, un concello hipotecado ata o 2030.

O Sr. Barreiro Lubián di que habería que ver a liquidez real dos demais concellos para pagar aos provedores. Diso aquí non se fala pero iso pasaba aquí antes que non se pagaba a ningún e agora estamos ao día nos pagamentos. O que di hoxe aquí dicíao o Sr. Balea hai máis de dez anos (no ano 1997). Endebedámonos para facer investimentos e díganos de cal podemos prescindir, diso non di nada, di que hai que facer máis pero non di en que.

É un debate repetitivo porque vostedes non saen del.

A Sra. Besada Lores di que o PSOE, por alusións á complicidade, di que milagres non se poden facer e sempre pedimos que se fagan máis cousas porque os veciños teñen

necesidades. Non se poden facer obras, baixando os investimentos e baixar os impostos.

As débedas a provedores doutros concellos non constan como préstamos pero están ahí.

O Sr. Domínguez Lino di que non saen do discurso porque vostedes non saen do aumento da débeda.

O informe da intervención di que incumpren o plan económico financeiro e son vostedes que o incumpren. Hai outra política de xestión, conseguindo subvencións e non quedándose nos despachos. É o que considera o PP e cando goberno vaino aplicar.

O Sr. Barreiro Lubián di que non van cambiar de política. Si se piden 1,2 millóns de € tamén se pagan 600000 € en amortización e aquí antigamente non se pagaban.

Dicía vostede que baixar os impostos e xestionar investimentos é bo para o concello. A política das subvencións acabouse, para que den subvencións ten que aportar o concello, pelexaremos polo que non pode vir doutras administracións, pero tamén aportando porque os veciños pagan os seus impostos.

O ano pasado estábamos no 90% e coa liquidación chegamos o 78%. O seu discurso deixa entrever unha preocupación porque este concello faga cousas e pretendan colapsar a actividade do concello.

A Sra. Besada Lores di que o plan económico elabórase coa intención de conflito pero durante o ano por motivos diversos non se poden cumprir, cúmprese en parte pero non na totalidade.

Espero que a nova xunta respecte a Poio nos investimentos que xa temos xestionados.

O Sr. Domínguez di que o PSOE é o menos indicado para falar de cumprimentos, senón que llo pregunten ao Sr. Zapatero co paro.

Os veciños pagan impostos moito máis alto ca o IPC, non se falou de subvencións senón de xestión de investimentos.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que é mentira que os veciños paguen impostos por enriba do IPC.

O Sr. Alcalde di que pola mañá preguntou á interventora sobre a liña de crédito que sacou o estado e a miña sorpresa é que para nos non vale porque temos liquidez non hai débedas polo que non podemos entrar nesta liña de axudas.

Sometido a votación ordinaria, por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE) e 7 en contra (PP) e polo tanto por maioría absoluta no número legal de membros da corporación o pleno acordou:

Primeiro: Prestar aprobación ao expediente formado para a concertación dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 1.265.000 € coa finalidade do financiamento dos investimentos recollidos no orzamento correspondente ao exercicio 2009 así como as modificacións que poideran establecerse por razón de interese público ou como consecuencia dos sobrantes que se produzan na execución dos investimentos proxectados.

Segundo: Dar inicio o procedemento de adxudicación da citada operación solicitando ofertas ás entidades financeiras co establecemento no termo municipal; coa salvidade de que non se poderá realizar a concertación do mesmo unha vez non se aprobe definitivamente o orzamento municipal para o exercicio 2009.

3236.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRA NUM. 4 DA "CASA DE CULTURA DE RAXÓ".- Pola Secretaria dáse conta da certificación núm. 4 da obra correspondente á Casa de Cultura de Raxó, por un importe de 29705,61 €, acompañada pola correspondente factura M-36000-023, á que corresponde descontar para proceder ao pagamento os materiais utilizados na execución certificada nas mesmas que foron no seu día acopiados e abonadas, por tanto o importe a aboar con respecto á certificación num. 4 de obra ascende a 20189,15 €.

A certificación foi conformada polos Directores de Obras D. Emmanuel Romero Parra e D. Miguel A. Martínez Muñoz, polo Aparellador Municipal D. Fernando Sevilla Ricote e contratista.

Consta no expediente informe da intervención municipal de data 16 de abril de 2009 da existencia de crédito suficiente na partida 451.60100 para proceder a aprobación da certificación de obra unha vez deducido o importe das contías dos materiais acopiados así como pola intervención tómase razón do endoso da certificación núm. 4 de obra correspondente.

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de abril de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do informe da intervención municipal de data 16 de abril de 2009 sobre a existencia de crédito suficiente para proceder a aprobación da certificación de obra número 4

por importe de 20.189,15 € (unha vez deducidas as correspondentes contías dos materiais acopiados).

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dita certificación de obra e a transmisión dos dereitos de cobro nelas incluídos."

Non subscitándose debate ningún, o Pleno ao abeiro da Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de 2007 e do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, en votación ordinaria e polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, ACORDOU:

Primeiro.- Prestar aprobación á certificación ordinaria núm. 4 das obras comprendidas no proxecto "CASA DE CULTURA EN RAXÓ" por importe de 29705,61 € (mais IVE) dos que corresponde descontar para proceder ao pagamento dos materiais utilizados na execución certificada na mesma que foron no seu día copiados e abonados e factura num. M-36000-023 emitida con data 28 de febreiro de 2009 por ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A., C.I.F. A-15008485.

Segundo: De conformidade co artigo 201 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público tomar coñecemento do acordo de cesión dos dereitos de cobro a favor de Caixa Galicia.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo xunto coa documentación complementaria á Consellería de Cultura e Deporte.

3237.- CONTRATACIÓN, SOLICITUDE DE PRÓRROGA EXECUCIÓN OBRAS "CASA DE CULTURA DE RAXO", DE ARIAS HERMANOS.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de abril de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e dos informes da Secretaria Xeral e da Interventora Municipal, de 16 de abril de 2009.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o prazo de execución foi determinante polo que non se debe rescindir o contrato pero si imponer penalidades para que as empresas cumpran cos programas que se recollen nas proposicións e que serven para adxudicala.

A Sra. Besada Lores di que o 2º prazo é proposto pola propia corporación para que poidan finalizar adecuadamente e por iso é polo que se alarga a prórroga inicialmente solicitada.

O Sr. Piñeiro Murillo di que efectivamente non están cumprindo, e que habería que facer un estudo no que se poña de manifesto de quen é a culpa, da dirección de obra e cal é da empresa.

O Sr. Domínguez Lino reitera que o prazo foi decisivo e que por tanto as empresas sepan que se lles vai a esixir que cumpran coas súas proposicións.

O Sr. Barreiro Lubián di que se lle debe conceder esta segunda prórroga xa que o mais importante agora é que cumpran co contrato e que se execute a obra.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención, e 4 votos en contra do PP acordou que se lle conceda a prórroga sen penalidades e que se pase ao Pleno para a súa aprobación.”

O Sr. Domínguez Lino di que con respecto á reunión que consta na acta da Comisión de Facenda, o segundo prazo foi proposto polo Sr. Murillo e pola Sra. Besada. Reiteramos a nosa proposta que xa fixemos na comisión de facenda e que basándonos en ambos informes de intervención e da secretaría e como manda a Lei 30/2007, do 30 de outubro, no seu artigo 196 apartado 5º “non procede a concesión de nova prórroga senón ven acompañada de imposición de penalidades”.

Co agravante neste caso que o prazo de execución minorado pola construtora foi determinante para a adxudicación.

Entendemos desde o PP que é hora, que por parte das administracións e neste caso por parte do Concello de Poio se esixa que as empresas que cumpran coas súas propostas e prazos.

O Sr. Barreiro Lubián di que o interese é que se remate a obra canto antes, evidentemente. Se hai que poñer penalizacións será o momento de decidilo cando se rematen as obras.

A Sra. Besada Lores di que non negociamos coa empresa. Coa dirección de obras falamos de dar un prazo exacto para que se finalice a obra. Como todos sabemos esta obra plantouna a empresa anterior, agora ten un prezo moi axustado e a nos interesanos que se remate a obra.

O Sr. Domínguez Lino contesta pois que non se presentara o concurso.

O Sr. Piñeiro Murillo di que esta é a obra máis importante do Concello en toda a historia. Interésanos que se acabe en prazo. Hai informes da Interventoría e da Secretaría pero faltan os informes dos técnicos que aínda non chegaron e será o que non teña que dicir si corresponde a ampliación de prazo ou non.

A reunión que tivemos a concelleira Besada e eu coa empresa e coa dirección de obra foi nese sentido. Non

corresponde sancionar á empresa ata que non cheguen os informes.

O Sr. Domínguez Lino pregunta se non se sabe de que é a culpa porque faltan uns informes, o normal é que se aparte este asunto ata que cheguen os informes. E ademais todas as empresas que oferten realizar as obras para este concello poden mentir na fixación de prazos de execución porque o concello non sanciona esta forma de proceder.

Está clara que esta adxudicación tivo unha puntuación e un dos apartados que máis puntuaban era o prazo de execución, e non sabemos as causas da demora e non parece normal analizar este tema senón se saben as causas.

O Sr. Agís Gómez di que a realidade é un proxecto con un prezo moi axustado, e nós temos que facer viable a execución de obra.

Penso que se piden a prórroga é para saber se nos imos a penalizar ou non.

O Sr. Barreiro Lubián di que nos podemos conceder, a prórroga ou non pero a obra está parado porque a empresa non sabe que vai facer. A nos interesanos rematar a obra e se non penalizamos, é inxusto pero temos que tomar un acordo hoxe aquí.

Se hai que porlle sancións xa se deerminará e se a lei di que hai que sancionar terá que facerse.

Aquí están propondo que se aprace esta decisión e a nos interesanos realizar a obra, e haberá que determinar, en todo caso, quen ten responsabilidade nos retrasos da execución da obra.

En todas as obras, que se licitan hai retrasos, modificacións de proxectos e modidicacións de orzmanetos e non sei se vos sabereses de algunha que non os teñan.

O Sr. Alcalde di que nun tema tan interesante non coñezo algunha actuación que non teña ningún tipo de retraso.

Sometido a votación a proposta esta quedou aprobada por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), sete votos en contra (7 PP) e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Conceder unha nova prórroga polo prazo de dous meses á empresa Arias Hermanos Construcciones, SA, ata o 30 de xullo de 2009, para a entrega e execución das obras Casa de Cultura de Raxó.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados comunicándolle que contra o mesmo pode,

directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 14.2º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3238.- CULTURA, PROPOSTA PARA NOMEAR A CASA DE CULTURA DE RAXÓ COMO "CASA DE CULTURA XAIME ISLA COUTO".- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado a proposta da Concelleira de Cultura de data 14 de abril de 2009 de nomeamento da Casa de Cultura de Raxó como Casa de Cultura Xaime Isla Couto, proposta que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Cultura coa mesma data, e que di o que segue: "Logo de ampla deliberación sobre a necesidade da urxencia apróbbase a mesma, pasando a tratar a proposta da Concelleira de Cultura, D^a. Silvia Díaz Iglesias sobre a designación do nome de Casa de Cultura de Poio como Casa de Cultura Xaime Isla Couto, e que xustifica como segue: Proposta para nomear a Casa de Cultura de Raxó como Casa de Cultura Xaime Isla Couto.- Silvia Díaz Iglesias, Concelleira Delegada de Cultura do Concello de Poio presenta para informe da Comisión Informativa de Cultura e posterior aprobación polo Pleno da Corporación de Poio a proposta de nomeamento da Casa de Cultura situada en Raxó como Casa de Cultura Xaime Isla Couto.

Tal consideración basease en que é o xeito idóneo de facerlle un recoñecemento a este persoeiro que tan

vinculado estivo sempre á veciñanza de Raxó, lugar onde reside, así como á vida cultural do noso municipio.

O concurso literario do noso concello, do que este ano se celebra a XVII edición, leva o seu nome e contou desde os seus inicios coa súa colaboración, sendo o propio Xaime Isla Couto membro do Xurado.

Ademais, darlle o seu nome á Casa de Cultura servirá para expresar o noso agradecemento polo importante labor desenvolvida por Xaime Isla, e tamén para que a parroquia de Raxó e o noso municipio queden ligados a unha persoa sobranceira na historia da cultura galega, cofundador xunto a Ramón Piñeiro da editorial Galaxia, fundador da revista Grial e da publicación SEPT (editorial de textos litúrxicos e teolóxicos) e fundador e director da Revista Económica de Galicia, autor de numerosos estudos e traballos, membro da Real Academia Galega, galardoado coa medalla Castelao. En resumo, un traballador incansable pola mellora da sociedade, da economía, as ciencias sociais e a cultura galega.

Por todo isto, o nomeamento da Casa de Cultura "Xaime Isla Couto" aportará un valor en si mesmo a este novo edificio, e ao mesmo tempo será o recoñecemento a unha longa vida - gran parte dela residindo no noso municipio, na parroquia de Raxó -adicada ó estudo e fomenro da realidade e a cultura galega.

Polo que, solicita do Pleno da Corporación a desiganación do nome da Casa de Cultura de Poio, como Casa de Cultura Xaime Isla Couto.

Despois de amplo debate, acórdase -a petición do PP-recolle as manifestacións das asociacións integrantes do Consello Municipal de Cultura ao respecto deste asunto, xa que deben ter parte tamén na decisión do mesmo, como paso previo ao seu tratamento polo Pleno da Corporación."

Consta no expediente escrito de data 22/04/2009, presentado polas asociacións culturais que forman parte do Consello Municipal de Cultura polo que se adhiren á proposta de nomeamento da Casa de Cultura de Raxó como Casa de Cultura Xaime Isla Couto.

A Concelleira de Cultura, D^a. Silvia Diaz Iglesias comeza a deliberación dicindo que a proposta está clara e coincide que este ano adícase o día das letras galegas a Ramón Piñeiro. Sería un xeito de facer unha homenaxe a unha persoa como queda refletida na acta da Comisión de Cultura. Este sería un xeito de que o concello onde residiu llo faga.

O Sr. Martínez Nacemento di que o PP está en desacordo coa acta da Comisión de Cultura, dirémolo na próxima reunión.

O PP non aprobou a urxencia e propuxo asimesmo que se reunira o Consello de Cultura a día de hoxe non se reuniu.

O Sr. Domínguez Lino di que a proposta do PP é que se retire o punto da orde do día. As cousas hai que facelas con respecto e consenso. Pedíuse que se convocase o Consello de Cultura, para que se informara.

Entendemos que habería que falar cos demais colectivos de Raxó, pero non entendo a urxencia se se está prorrogando a execución da obra.

Por respecto e consenso e por formas a nosa proposta é que se retire da orde do día.

O Sr. Martínez Blanco di que é a Casa de Cultura de Poio ubicada en Raxó, pediría máis respecto ao nome de Xaime Isla.

Na Comisión de Cultura aprobouse a urxencia e consultouse a cinco asociacións que están no Consello Municipal de Cultura e están de acordo coa proposta.

O PP negouse na Comisión de Cultura a que se puxera o nome dunha persoa.

A segunda postura do PP era un consenso co Consello de Cultura e xa se fixo e nos somos partidarios de darlle en vida homenaxe a ese home o día das Letras Galegas.

O Sr. Barreiro Lubián di que o tema tratouse na Comisión de Cultura e houbo unha semana polo medio, pódese estar de acordo ou non e non pasa nada. Parece que a intención é retrasalo, sexamos serios. Esa persoa consideroa promotora da Cultura Galega e ten unha traxectoria en Poio que recordo nas xornadas de verán, pasando por Raxó, outros organismos fixeron homenaxes e vos simplemente tratades de entorpecer e retrasar.

O Sr. Martínez Nacemento di que a proposta foi consultar ás asociacións culturais; Xaime Isla é case unha persoa universal, vinculada en todo caso a Galicia, polo tanto a figura de Xaime Isla é indiscutible.

Ninguén dixo nada en contra de Xaime Isla e estamos vendo entre todos que a acta foi tomada mal pois dixerónse máis cousas.

O Sr. Domínguez Lino di que Xaime Isla non se merece tanta polémica que está a dar este tema o que estamos dando a oportunidade para que rectifiquen.

O Sr. Barreiro Lubián di que agora mesmo non sabemos se están a favor ou en contra.

Aquí faise unha proposta respectuosa con todo o mundo e se estades en contra votades en contra e se estades a favor votades nese sentido.

A Sra. Besada Lores di que non estivo na Comisión de Cultura, levouse unha semana antes do Pleno porque a Comisión de Cultura é unha semana antes do pleno, o 17 de maio queremos facerlle unha homenaxe a este sr. Falouse cos colectivos de cultura que son os máis afectados, creo que estamos todos de acordo en poñer este nome e non vexo tal polémica.

O Sr. Agís Gómez di que Xaime Isla non se merece este trato é evidente, pero creo que cada un é responsable dos seus actos.

O Sr. Martínez Blanco di que se tratou na Comisión de Cultura porque é legal e traese ao Pleno porque tamén o é e ademais consultouse coas asociacións culturais que están de acordo. O noso voto é a favor dese nome porque é unha honra para este Concello de que leve ese nome e a persoa mereceo.

O Sr. Moldes Martínez di que o gran problema é que se tratou con gran lixeireza: primeiro foi unha proposta do Sr. Martínez Blanco, despois da concelleira Díaz Iglesias. Se resulta que é o edificio máis emblemático de Poio non podemos ter tanta lixeireza. As asociacións viñeron ao Concello e asinaron que si. Parece que se trae pola porta de atrás esta proposta ao Pleno.

A Sra. Díaz Iglesias di que na Comisión de Cultura acordouse consultar as Asociacións Culturais do Concello e non viñeron aquí asinar directamente, primeiro falouselles aos representantes e despois cada un consultouno cos seus membros todos estiveron de acordo e logo aceptaron a proposta.

O Sr. Alcalde di que na Comisión de Cultura houbo unha proposta da concelleira como consta no expediente, se non estaban de acordo coa urxencia votaran en contra.

Estou convencido, se a proposta da comisión foi consultar ás asociacións porque se acordara convocalas estou convencido que o presidente así o faría.

De Xaime Isla xa se falou e non vou ser o que o defenda desde o punto de vista ideolóxico pero penso que é unha persoa moi recoñecida no país pois o Sr. Fraga concedeulle a medalla Castelao. Naceu en Raxó e o seu labor representa a un país que é Galicia cunha defensa clara do mesmo. Polo tanto para nos está clara a proposta e a súa tramitación é correcta.

O Sr. Domínguez Lino manifesta que se van abster polas formas na que se tramitou o nomeamento, respecto e consenso.

Sometida a votación a proposta da Comisión de Cultura esta quedou aprobada por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adoptándose o seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar o nomeamento da Casa de Cultura de Raxó como "Casa de Cultura Xaime Isla Couto".

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao interesado así como ás Asociacións que asinaron a proposta da Consellería de Cultura.

Terceiro: Proceder á apertura dun período de información pública durante vinte días hábiles, mediante a inserción do correspondente anuncio no taboleiro de editos do concello e no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que calquera persoa física ou xurídica poda consultar o expediente e presentar as reclamacións ou alegacións que estimen por convinte. No suposto de que no devandito prazo non se presente reclamacións ou alegacións ningunha, o acordo de aprobación inicial elevarase automaticamente a definitivo.

3239.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO CONCELLO DE POIO, EN RUA PEIRAO-SAN SALVADOR, PROMOVIDO POR "CONSTRUCCIONES BAMARTI, SL" E REDACTADO POLOS ARQUITECTOS D. IGNACIO HERMO TUÑEZ E JOSE A. HERMO TUÑEZ, ENREGADO NO CONCELLO DE POIO O 29 DE DECEMBRO DE 2008.- Pola Secretaria dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo na súa reunión realizada o 21/04/2009 e que di o que segue: "Previa lectura do informe emitido polo Arquitecto Municipal (AT) e do Aparellador Municipal que di textualmente:

"Examinado o proxecto de "Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Poio", asinado polos arquitectos D. Ignacio Hermo Tuñez e Jose A. Hermo Tuñez con data de febreiro de 2009, os técnicos municipais emiten o seguinte

INFORME

1. O obxecto principal de dita modificación puntual é a subsanación dun erro gráfico nos planos do PXOM, debido ó cal se aprecia unha discontinuidade na aliñación e na liña de deslinde de Costas, ó superpoñer os planos 1.6, 1.7, 1.8, e 1.9, de Usos Pormenorizados de San Salvador, a escala 1:1000, do PXOM de Poio.

Aparte de fixar unha nova aliñación corrixida, na memoria do proxecto refírese a outros obxectivos, coma:

- Desprazar o trazado do vial contemplado no PXOM, de cara a facelo coincidir no posible co realmente existente.

- Por medio de dito desprazamento, posibilitar a execución inmediata da urbanización de dito vial.

- Posibilitar a reforma xeral da Rúa Peirao.

- Eliminación do tramo de vial que se aproximaba perpendicularmente á autoestrada, transformándoo en zona verde.

O interese e o obxecto da modificación puntual do PXOM referida no proxecto, están debidamente fundamentados dado o interese xeral que supón a subsanación de dito erro, así como a posibilidade de urbanización inmediata da zona, e a conversión en zona verde dun tramo de vial sen saída e sen posibilidade de execución real.

Ditos fundamentos cumpren as determinacións tanto da Lei 9/2002, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e da Lei 15/2004, de modificación da Lei 9/2002, como da Normativa do PXOM, no relativo ás modificacións puntuais do planeamento.

1.A modificación puntual do PXOM non altera a clase de solo, nin a ordenación pormenorizada (planos 1.6 , 1.7, 1.8, e 1.9), nin aumenta a edificabilidade asignada pola Ordenanza 1, nin a densidade de vivenda establecida no PXOM. Así mesmo, a superficie adicada a zonas verdes ou espazos libres públicos vese incrementada notablemente, dos 135,15 orixinais ós 364,40 m² proxectados, tal e como se reflicte no apartado 6.2 da memoria do proxecto, así como no plano 7 do mesmo.

2.En canto ó contido documental do proxecto de modificación puntual, tanto literal como gráfico, cumpre tanto coas determinacións do Regulamento de Planeamento como coas determinacións do PXOM establecidas no capítulo 1. "Disposicións Xerais", apartado 5 "Modificación": "(...) Toda modificación producirase co grao de definición documental correspondente ó planeamento xeral (...)".

Neste caso, o proxecto de modificación puntual contén memoria descritiva e xustificativa, levantamento topográfico e planos descritivos da proposta, a escala 1:300.

Polo exposto, infórmase favorablemente o proxecto de "Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal

do Concello de Poio", asinado polos arquitectos D. Ignacio Hermo Tuñez e Jose A. Hermo Tuñez con data de febreiro de 2009, para a súa aprobación inicial."

E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente:

"Visto dito proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de ordenación Municipal de Poio, en rúa Peirao do lugar de Barca da parroquia de San Salvador, e o disposto no Plan de Ordenación Municipal vixente, na Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola lei 15/2004, de 29 de decembro e na lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, teño a ben informar o seguinte:

Este proxecto de modificación puntual encargouse polo Concello á sociedade "Construcciones Bamarti, S.L.", de conformidade co informe emitido por esta asesoría o 10 de novembro de 2008, á vista dos informes emitidos polo Xefe do Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial e o Director Xeral de Desenvolvemento Sostible, sobre a necesidade de proceder a unha modificación puntual como trámite previo á concesión da licenza de obra a "Construcciones Bamarti, S.L."

SEGUNDO: Con data 29 de decembro de 2008, ten entrada no Concello un escrito do arquitecto D. Ignacio Hermo Tuñez, que di actuar en representación da sociedade "Construcciones Bamarti, S.L." xuntando tres exemplares do proxecto de modificación puntual, de data decembro de 2008, sen visado colexial, solicitando que se informe favorablemente e que se proceda a súa tramitación.

TERCEIRO: Con data 23 de marzo de 2009, ós técnicos municipais, Arquitecto e Aparellador informan favorablemente a aprobación do proxecto de modificación puntual para a súa aprobación inicial.

CUARTO: De conformidade co informe emitido o 5 de xuño de 2008 polo Xefe do Servizo de Actuación Administrativa, do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino, ó afecta-la modificación á liña do dominio público marítimo terrestre, de conformidade co disposto no art. 112. a) e 117.1 da lei de Costas de 22 de xullo de 1988 e 210 do Regulamento da Lei de Costas, antes da aprobación inicial do mesmo polo Concello debe enviarse o proxecto de modificación puntual tanto a administración do Estado, Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Marino para que emita o informe previo preceptivo e vinculante no que afecte ó dominio público ou á servidume de tránsito e de acceso ó mar, e informe preceptivo e non vinculante no que afecta a modificación á servidume de protección do dominio público estatal, e remitirse tamén á Consellería de

Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Dirección Xeral de Urbanismo e Servizo Provincial de Urbanismo, para que emita o informe preceptivo e vinculante, por afecta-la servidume de protección do dominio público que é competencia da Xunta de Galicia.

A ditos organismo enviarase un exemplar completo do proxecto de modificación puntual obxecto de informe debidamente dilixenciado, tendo ambos organismo o prazo de un mes para emiti-lo informe comprensivo das suxerencias e observacións que estimen convenientes.

QUINTO: De conformidade co informe emitido o 14 de xullo de 2008, polo Director Xeral de Desenvolvemento Sostible, debe remitirse á Consellería de Medio Ambiente de Desenvolvemento Sostible un exemplar do proxecto de modificación puntual, como documento de inicio previsto polo art. 7,1 da lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en relación co art. 18 da lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, a fin de que dita Consellería poida adopta-la decisión que proceda acerca da necesidade ou non do seu sometemento ó procedemento de avaliación ambiental estratéxica, conforme prevé o art. 5, letra e) da citada lei 6/2007.

SESTO: E tendo en conta que a modificación puntual presentada afecta a terreos cualificados como zonas verdes ou espazos libres públicos, aínda que non implica a recalificación de solo, nin o incremento de intensidade da zona nin se alteran os sistemas xerais previstos no plan vixente, de conformidade co disposto no art. 94.4 da lei 9/2002, debe remitirse un exemplar do proxecto de modificación puntual á Dirección Xeral de Urbanismo, da C.P.T.O.P.T., por se fora necesario, antes da aprobación inicial, o informe previo favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, que deberá de ser emitido no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da C.P.T.O.P.T. e transcorrido o citado prazo sen que se emita informe entenderase emitido en sentido desfavorable.

SEPTIMO: Para o suposto de que a Consellería de Medio Ambiente decida que non é necesario someter ó procedemento de avaliación ambiental estratéxica a modificación que se pretende, unha vez emitidos os informes favorables de tódolos organismos reseñables, debe de suscribirse un convenio de modificación de planeamento coa sociedade "Construcciones Bamarti, S.L." e procederse á tramitación simultanea do proxecto de modificación puntual e do convenio de planeamento, emitíndose os informes técnicos e xurídicos correspondentes, tanto da modificación puntual como do convenio de planeamento e previo ditame da

Comisión Informativa de Urbanismo deben aprobarse inicialmente polo Pleno do Concello por maioría absoluta.

Somete-los dous expedientes a información pública durante o prazo de un mes, mediante anuncio no DOGA, e en dous xornais de maior difusión da provincia; simultaneamente e durante o mesmo prazo, daráselles audiencia ós Concellos limítrofes; solicitándose igualmente os informes sectoriais correspondentes.

OITAVO: Corresponde ó Concello, mediante acordo plenario por maioría absoluta, tamén a aprobación provisional do convenio de planeamento no seu caso e da modificación puntual, remitíndose o expediente á Consellería de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Transportes, para que, previo informe da Comisión Superior de Urbanismo, proceda á aprobación definitiva.

NOVENO: Unha vez aprobado definitivamente o proxecto de modificación puntual e o convenio de planeamento, no seu caso, debe formalizarse un convenio de xestión do Plan, no que afecta á zona da rúa Peirao, obxecto da modificación puntual, entre "Construcciones Bamarti, S.L." e o Concello de Poio, no que se establezan os dereitos e obrigas de ambas partes, para levar a cabo a apertura e urbanización do vial, tal como resulte da modificación puntual que se aprobe."

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello, que di textualmente:

"Asunto: modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal do PXOM do Concello de Poio en rúa Peirao, San Salvador.

Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal pertencente ás Subescalas de Secretaría-Intervención e Secretaría, categoría de entrada, Secretaria Xeral do Concello de Poio, en cumprimento do establecido nos arts. 54 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril e 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de abril, emito o seguinte

INFORME

1. Antecedentes de feito.

1. Con data 29 de decembro de 2008 ten entrada no concello, nº rexistro 6848, proxecto de modificación puntual na rúa Peirao, San Salvador promovida por PROMOCIONES BAMARTI, SL..

2. Tras ter sido plantexado a rectificación do erro existente no PXOM ao abeiro do establecido no art. 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e solicitada a oportuna consulta á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, con data 2 de setembro de 2008, nº rexistro de entrada 4740, dase traslado de informe emitido pola arquitecta Mª Elena Parajó Calvo, polo que se pon de manifesto a necesidade de

dar cobertura á citada rectificación por medio de expediente de modificación do Plan Xeral, en canto á posible afectación da liña de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre : "Se ebn existen discontinuidades nas liñas que definen as aliñacións da edificación na rúa Peirao e a servidume de protección de dominio público marítimo terrestre nos planos 1-6, 1-7, 1-9 e 1-10, estas non afecta ás edificacións existentes. A liña que delimita a protección de costas está definida no expediente de incoación do Deslinde de Dominio Público Marítimo Terrestre, que lle corresponde sinalar a Secretaría General del Mar do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, polo que non existe interpretación algunha no tocante ao traslado desta liña á docuemntación do Plan".

3. Informe conxunto do aparellador municipal e do arquitecto ligado ao concello por contrato administrativo de servizos de 23 de marzo de 2009.

4. Informe do asesor xurídico da Corporación de 2 de abril de 2009.

1. Consideracións xurídicas.

Primeira.- Alteración do planeamento: requisitos.

De conformidade co art. 93 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a alteración de planeamento require do cumprimento dunha serie de requisitos:

a) Alcance da alteración: revisión ou modificación.

Segundo o informe técnico de 23 de marzo de 2009: " O obxecto principal de dita modificación puntual é a subsanación dun erro gráfico nos planos do PXOM, debido ó cal se aprecia unha discontinuidade na aliñación e na liña de deslinde de Costas, ó superpoñer os planos 1.6, 1.7, 1.8, e 1.9, de Usos Pormenorizados de San Salvador, a escala 1:1000, do PXOM de Poio.

Aparte de fixar unha nova aliñación corrixida, na memoria do proxecto refírese a outros obxetivos, coma:

1. Desprazar o trazado do vial contemplado no PXOM, de cara a facelo coincidir no posible no realmente existente.

2. Por medio de dito desprazamento, posibilitar a execución inmediata da urbanización de dito vial.

3. Posibilitar a reforma xeral da rúa Peirao.

4. Eliminación do tramo de vial que se aproximaba perpendicularmente á autoestrada, transformándoo en zona verde."

Non apreciándose a concurrencia de circunstancia ningunha das previstas no parágrafo segundo do medionado precepto, a alteración proposta debe ser considerada como modificación aínda que poda supoñer cambio aislado na clasificación, calificación do solo ou delimitación de polígonos (art. 93.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro).

b) Interese xeral.

O art. 94.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro establece:

"Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas encaminadas á mellora substancial da ordenación urbanística vixente, ó desconxestonamento urbano, á mellora da articulación dos espazos libres públicos e dos volúmenes construídos, á eliminación dos usos non desexables ou á incorporación doutros, á creación de novas dotacións urbanísticas públicas, á resolución de problemas de circulación e outros fins públicos."

En atención ao contido transcrito do informe técnico de 29 de marzo de 2009, o obxecto da modificación cumpriría coas determinacións propias da Lei 9/2002, do 30 de decembro para modificacións puntuais.

c) Outros requisitos.

c.1.) Procedemento de aprobación ou revisión.

Segundo o art. 94.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, non poderán presentarse novas propostas de modificación puntual durante o proceso de aprobación ou revisión do Plan, periodo comprensivo da aprobación inicial ata a aprobación definitiva salvo en execución de sentencias.

Previsión que debe entenderse cumprida xa que aínda iniciado o procedemento de revisión non se adoptrou acordo de aprobación definitiva.

c.2) Incremento da intensidade de uso.

Se a modificación incrementa a intensidade de uso conforme o art. 94.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, terase que incluír novas dotacións públicas de acordo cos estándares do art. 47.2º debendo emprazarse no mesmo distrito ou sector si se trata de solo urbano ou urbanizable.

O informe técnico do 23 de marzo de 2009 dí ó particular:

"2. A modificación puntual do PXOM non altera a clase de solo, nin a ordenación pormenorizada (planos 1.6, 1.7, 1.8, e 1.9), nin aumenta a edificabilidade asignada pola Ordenanza 1, nin a densidade de vivenda establecida no PXOM. Así mesmo, a superficie adicada a zonas verdes ou espazos libres públicos vese incrementada notablemente, dos 135,15 orixinais ós 364,40 m² proxectados, tal e como se reflicte no apartado 6.2 da memoria do proxecto, así como no plano 7 do mesmo".

Polo que non sería necesario proceder a incrementar as dotacións na forma prevista no precepto transcrito.

Segunda.- Procedemento.

O art. 93.4º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, impón para tramitación da modificación dos planes

xerais, observar as mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, non sendo necesario obter informe previo á aprobación inicial ó que se refire o art. 85.1º da lei sempre e cando a alteración non implique reclasificación del suelo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin altere os sistemas xerais.

A salvo a consideración da vía afectada como sistema xeral, en función do xa exposto non se precisaría a obtención de tal informe.

Lémbrese, non obstante e tal como se ven reiterando por esta funcionaria a necesidade de que ditos pronunciamentos vaian precedidos da necesaria operación de reinterpretación en aplicación do disposto na disposición transitoria primeira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, para poder afirmar que se cumpren os requisitos establecidos no art. 12 da norma.

Afectando a modificación a zona verde, requirírase o informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia a evacuar no prazo de tres meses desde a entrada do expediente completo na consellería competente an materia de ordenación do territorio e urbanismo, entendéndose emitido desfavorablemente polo transcurso do prazo sen que exista pronunciamento expreso (art. 94.4º Lei 9/2002, do 30 de decembro).

Por tanto, xunto co devandito informe, e de conformidade co sinalado na comunicación recibida con data 22 de xullo de 2008, nº rexistro de entrada 3948, deberase remitir á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o documento de inicio ao que se refire o art. 7.1º da Lei 6/2007, de 11 de maio de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia en relación co art. 18 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, a fin de que se adopte a decisión de proceda sobre a necesidade ou non a avaliación ambiental estratéxica conforme ao art. 5 letra e) da citada Lei 6/2007.

En todo caso deberá seguirse o procedemento marcado polo art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro tendo en conta as modificacións establecidas pola citada Lei 6/2007, de 11 de maio.

O órgano competente para levar a cabo a aprobación inicial e provisional é o Pleno

O artigo 22.2º .c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada pola disposición adicional novena do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño polo que se aproba o texto redundido da Lei do solo, establece que corresponde en todo caso ao Pleno.

“... ”

c) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e

demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxeto a alteración de calesquera de ditos instrumentos".

Dito acordo deberá ser adoptado polo Pleno por maioría absoluta do seu número legal de membros segundo o artigo 47.2º.11) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Terceiro.- Convenio de planeamento.

Menciónase no informe emitido polo asesor xurídico con data 2 de abril de 2009, a posibilidade de suscribir un convenio de planeamento coa sociedade promotora da modificación puntual.

Ainda que por non presentarse proposta de texto ningún non se pode emitir consideración ningunha sí é conveniente resaltar:

1. Tratándose dun convenio de planeamento, o máximo compromiso ao que pode chegar o concello é de mero impulso e trámite da proposta de ordenación, polo que non se entende por qué se demora a subscripción inicial á emisión dos informes pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia e da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible, xa que si algún de ditos organismos manifesta a inviabilidade do proxecto non existiría para a administración responsabilidade ou vinculación ningunha, canto máis a perfección e sinatura do convenio non pode levarse a cabo segundo o art. 237 da Lei 9/2002, do 30 de decembro ata o momento posterior á realización do trámite de información pública.

2. Lémbrese que de conformidade co art. 16.3º do Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo, serán nulos de pleno dereito os convenios nos que o promotor e a Administración propoñan obrigas máis gravosas que as que legalmente procedan en favor dos propietarios afectados.

3. Que dentro, entre outros requisitos, do respecto ás normas imperativas públicas, os convenios de planeamento deberán observar non so o disposto na normativa urbanística senon, entre outras, na normativa tributaria, patrimonial, contractual etc.

Polo que sendo o obxeto propio do convenio a alteración da ordenación proposta, recomendase presentar e suscribir inicialmente, se así procede, o convenio para que poda ser examinado e informado, tramitándose de forma conxunta coa modificación do PXOM."

Esta Comisión acorda: Adherirse a ditos informes.

Os membros do PP. e do PSOE, absteñense ata que se trate este asunto no Pleno do Concello.

Os demais asistentes informan favorablemente a modificación puntual proposta."

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptado na reunión do día 21 de

abril de 2009 este quedou aprobado por 9 votos a favor (7 do BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións (PP) adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Tomar en consideración o expediente de modificación puntual do PXOM do concello de Poio en rúa Peirao, San Salvador (Poio), promovido por "CONSTRUCCIONES BAMARTI, SL" e redactado polos arquitectos D. Ignacio Hermo Tuñez e D. José A. Hermo Túñez, remitindo expediente completo á Comisión Superior de Urbanismo de Galicia para os efectos establecidos no art. 94.4º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia así como á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras en relación co art. 18 da lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, a fin de que dita Consellería poida adopta-la decisión que proceda acerca da necesidade ou non do seu sometemento ó procedemento de avaliación ambiental estratéxica, conforme prevé o art. 5, letra e) da citada lei 6/2007.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa tramitación correspondente.

Terceiro.- Dar conta do acordo adoptado á promotora co indicación de que por ser acto de mero trámite, de conformidade co art. 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común non caberá a presentación de recurso administrativo ningún.

MOCIÓNS.- Preséntanse as seguintes:

3240.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRA NUM. 5 DA "CASA DE CULTURA DE RAXÓ".- De conformidade co artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e polo voto favorable 9 votos (7 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstención do PP, pola Secretaria dáse conta da certificación núm. 5 da obra correspondente á Casa de Cultura de Raxó, por un importe de 63941,06 €, acompañada pola correspondente factura M-36000-033, á que corresponde descontar para proceder ao pagamento os materiais utilizados na execución certificada nas mesmas que foron no seu día acopiados e abonadas, por tanto o importe a aboar con respecto á certificación num. 5 de obra ascende a 16080,60€, polo tanto o importe a aboar con respecto á certificación num. 5 ascende a 47860,46 €.

A certificación foi conformada polos Directores de Obras D. Emmanuel Romero Parra e D. Miguel A. Martínez Muñoz, polo Aparellador Municipal D. Fernando Sevilla Ricote e contratista.

Consta no expediente informe da intervención municipal de data 24 de abril de 2009 da existencia de crédito suficiente na partida 451.60100 para proceder a aprobación da certificación de obra unha vez deducido o importe das contías dos materiais acopiados así como pola intervención tómase razón do endoso da certificación núm. 5 de obra correspondente.

Non subscitándose debate ningún, o Pleno ao abeiro da Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de 2007 e do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, en votación ordinaria e por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións PP presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, ACORDOU:

Primeiro.- Prestar aprobación á certificación ordinaria núm. 5 das obras comprendidas no proxecto "CASA DE CULTURA EN RAXÓ" por importe de 63941,06 € dos que corresponde descontar para proceder ao pagamento dos materiais utilizados na execución certificada na mesma que foron no seu día copiados e abonados que ascende á cantidade de 16080,60€ e factura num. M-36000-033 emitida con data 31 de marzo de 2009 por ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A., C.I.F. A-15008485.

Segundo: De conformidade co artigo 201 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público tomar coñecemento do acordo de cesión dos dereitos de cobro a favor da entidade Banco Bilbao Vizcaya Argentaria.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo xunto coa documentación complementaria á Consellería de Cultura e Deporte.

A continuación o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ao abeiro do establecido nos artigos 91.4 e 97 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais presenta unha moción para o seu tratamento urxente sobre a retirada do inmobile piso piloto e oficina de vendas de urbis e recuperación do espazo público.

Sometido a votación a deliberación do mesmo por urxencia esta quedou denegada por 7 votos a favor do PP, 9 votos en contra (7 BNG e 2 PSOE) e ningunha abstención,

acordándose que sexa sometida á informe ou ditame da Comisión Informativa de Urbanismo.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e quince minutos, polo Sr. Presidente levántase a sesión, da que eu, secretaria xeral dou fe.

CERTIFICO QUE É COPIA DA ORIXINAL

Vº e pr.

O alcalde

A Secretaria Acctal.

Luciano Sobral Fernández

Consuelo de la Peña Costoya